

TODA A MÚSICA SEGUIDA:



Retrouso- solo instrumental

ESTROFA:

Imende que ten a sona,
 Imende que a sona ten-e.
 Imende que ten a sona
 de cantar e bailar ben-e;
 de cantar e bailar ben-e,
 ai la la la, ai la la la.

Retrouso:

Non te quero Pepe, non te quero non-e;
 non te quero Pepe, que es un mal home;
 que es un mal home, que es un mal home,
 non te quero Pepe, non te quero non-e.

ESTROFA:

O lugaríño de Imende
 de lonxe parece vila,
 ten un carabel na entrada,
 e unha rosa na saída;
 e unha rosa na saída,
 Ai la la la, ai la la la.

PASODOBRE DE IMENDE

Retrouso:

E foches e foches, non podes negar-e,
 á casa do cura para te casar-e,
 para te casar-e, para te casar-e,
 e foches e foches, non podes negar-e.

ESTROFA:

O amor que ha de ser meu-e
 ha de ter o cú de pau-e,
 a barriga de molete,
 as pernas de bacallau-e;
 as pernas de bacallau-e,
 Ai la la la, ai la la la.

Retrouso:

A San Adrián-e da veira do mar-e
 non se vai por terra, que se vai por mar-e,
 que se vai por mar-e, que se vai por mar-e,
 a San Adrián –e da veira do mar-e.



ESTROFA:



RETROUSO:

ESTROFA:

Esta vai por despedida
 que me sintan aló enriba,
 para que diga miña nai-e
 esta é a miña filla;
 esta é a miña filla,
 Ai la la la, ai la la la.

Retrouso :

Aila la lala lalaa la la la la ...